

Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

ADMINISTRACIÓN LOCAL**PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Persoal, oposicións**

*CONVOCATORIA DE CATRO POSTOS DE TRABALLO DE PROFESOR/A DE ENFERMERÍA
INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2025*

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

EXPEDIENTE	2025077389
ASUNTO	CONVOCATORIA DE CATRO POSTOS DE TRABALLO DE PROFESOR/A DE ENFERMERÍA INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2025
TRÁMITE	APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES

O deputado, no exercicio das competencias delegadas da Presidencia en materia de Persoal, dita a seguinte RESOLUCIÓN:

De conformidade co establecido no artigo 34.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como no Real decreto lei 5/2015, de 30 de outubro, pola que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), RESOLVO aprobar a convocatoria deste proceso selectivo, para cubrir catro postos de persoal laboral fixo da Escola Universitaria Enfermería de Pontevedra, incluídos na oferta de emprego público do ano 2025 e que se rexerá polas seguintes bases xerais e específicas:

*1) BASES XERAIS**PRIMEIRA. OBXECTO DA CONVOCATORIA*

Esta convocatoria ten por obxecto cubrir catro postos de traballo de persoal laboral fixo da Escola Universitaria de Enfermería de Pontevedra, incluídos na oferta de emprego público do ano 2025, por razóns de urxente e inaprazable necesidade, e con fundamento no artigo 11 do Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público; artigo 9 e 49 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; e artigo 35 do Real decreto 364/1995, de 10 de marzo, segundo os principios de mérito e capacidade.

SEGUNDA. NÚMERO E CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS CONVOCADOS

O número de postos, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

- N^o de posto: Catro



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

- Denominación: profesor/a de enfermería
- Retribución anual: 30.415,80 €
- Xornada laboral: a tempo completo

TERCEIRA. SISTEMA DE SELECCIÓN

O sistema de acceso aos referidos postos de traballo é o concurso oposición libre.

CUARTA. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do TRLEBEP, respecto do acceso ao emprego público dos nacionais doutros estados
- b) Ter feitos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa
- c) Posuír ou estar en condicións de obter o título académico esixido nas bases específicas para ingresar no posto o día en que remate o prazo de presentación de instancias
- d) Posuír a capacidade funcional para desempeñar as tarefas habituais do posto ó que aspiran
- e) Non estar separadas por un expediente disciplinario do servizo de calquera Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala funcional ou posto do que estivesen separadas ou inhabilitadas. No caso de seren nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitadas ou en situación equivalente nin estar sometidas a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público
- f) Ingresar a cantidade fixada como dereitos de exame no recibo que se emite xunto coa solicitude de participación
- g) Cumprir os demais requisitos esixidos nas respectivas bases específicas para o ingreso

Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data da súa contratación.

QUINTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1) As solicitudes presentaranse preferentemente por medios electrónicos a través do formulario normalizado "217424 Procedementos de selección para o acceso ao emprego público", dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal/web/>).



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

Para a presentación das solicitudes a través do rexistro electrónico na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admítense os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal), e os certificados electrónicos (incluído o DNIe).

2) Opcionalmente, poderán presentarse as solicitudes de xeito presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado para a modalidade presencial “217424 Procedementos de selección para o acceso ao emprego público”, dispoñible na parte pública da Sede electrónica (<https://sede.depo.gal>).

3) Para seren admitidas nas probas selectivas correspondentes as persoas aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

4) As persoas con algunha discapacidade deberán indicalo na súa solicitude e, no seu caso, solicitarán as posibles adaptacións de tempo e de medios para realizar os exercicios nos que a adaptación fose necesaria.

5) As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que consten na súa solicitude aínda que os erros de feito que poidan advertirse poderán emendarse ou repararse en calquera momento, de oficio ou a instancia de parte.

SEXTA. PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

O prazo para presentar as solicitudes será de vinte (20) días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (BOE), mediante extracto, e previa publicación do texto íntegro das bases e da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e o do extracto no Diario Oficial de Galicia (DOG).

SÉTIMA. COMPROBACIÓN DOS DATOS

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante
- b) Títulos universitarios da persoa solicitante
- c) Acreditación da condición de discapacidade, no caso de estar recoñecida pola Administración competente.

Unicamente se consultará a titulación que a persoa aspirante indique na súa solicitude.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esas consultas deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

Antes da publicación da lista provisional e excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles requirir ás persoas



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

interesadas a presentación dos documentos correspondentes mediante notificación electrónica. No caso de non emendar a súa documentación antes da publicación da relación provisional de persoas aspirantes, aparecerá como excluído/a en dita relación.

De constar o citado documento en poder da Deputación, deberase indicar o expediente no que figura.

OITAVA. DOCUMENTACIÓN

As persoas solicitantes deberán achegar xunto coa solicitude copia do título do Celga 4, no caso de solicitar a exención do exame de tradución

A documentación complementaria deberá presentarse preferentemente por medios electrónicos. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a mostra do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

NOVENA. DEREITOS DE EXAME

Será requisito necesario para participar nas probas selectivas aboar, dentro do prazo de presentación de instancias, os dereitos de exame e os gastos de tramitación que, no seu caso, determine a entidade bancaria. A falta de pago neste prazo non será emendable. O xustificante, que se descargará xunto coa solicitude de participación, poderase pagar en calquera sucursal, por banca electrónica e nos caixeiros habilitados de ABANCA. A través da súa páxina web (<http://www.abanca.com/gl/pago-de-recibos>) poderase realizar o pagamento con tarxeta sen necesidade de ser clienta ou cliente da entidade introducindo os datos identificativos que figuran na cabeceira deste documento.

A cantidade a aboar en concepto de dereitos de exame será de 20 €.

En ningún caso a mera presentación e o pagamento dos dereitos de exame suporá substituír o trámite de presentación en tempo e en forma da solicitude, segundo o disposto na base quinta.

Os dereitos de exame reintegraráselles de oficio ás persoas interesadas que sexan excluídas definitivamente da lista de persoas admitidas.

Para iso, será necesario presentar o formulario “Devolución de ingresos indebidos”, dispoñible no seguinte enlace: <https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>, preferentemente por medios electrónicos, e achegar un certificado de conta bancaria ou documento que acredite a titularidade de conta na que se vai realizar a devolución



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

DÉCIMA. TRÁMITES ADMINISTRATIVOS POSTERIORES Á PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E EMENDA DESTAS

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento levaranse a cabo preferentemente por medios electrónicos (registro electrónico) a través dos modelos habilitados na seguinte dirección:

<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>.

No caso de non existir un modelo para o trámite desexado, empregárase a “instancia xenérica”; todos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal>. Tamén será posible, opcionalmente, facelo de forma presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DÉCIMO PRIMEIRA. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

1) Unha vez rematado o prazo de vinte (20) días naturais fixado para presentar as solicitudes, o deputado delegado ditará unha resolución, no prazo máximo dun (1) mes, na que declarará aprobada a lista de persoas admitidas e excluídas e especificará, no seu caso, os motivos da exclusión, que se publicará no BOPPO, na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

2) As persoas excluídas disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión, a través do formulario “Emenda da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>.

No suposto de se produciren reclamacións, deberá ditarse unha nova resolución na que se estimen ou desestimen e publicarase a lista definitiva no BOPPO, na Sede electrónica da institución provincial e no seu taboleiro de anuncios.

3) Contra a resolución do deputado delegado, na que se aproba a lista definitiva, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao desta notificación (artigos 112 e 123 da LPACAP), ou ben un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous (2) meses, segundo o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

4) O feito de figurar como incluídas na relación de persoas admitidas non significa que se lles recoñeza ás persoas interesadas posúren os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán xustificarse documentalmente no suposto de que as persoas admitidas superen as probas selectivas.



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

DÉCIMO SEGUNDA. AMPLIACIÓN DO PRAZO NOS SUPOSTOS DE NON DISPOÑIBILIDADE DA SEDE ELECTRÓNICA

1. No caso de que o último día do prazo se produza unha incidencia técnica que imposibilite o funcionamento da Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, o prazo afectado ampliarase automaticamente ata o seguinte día hábil, en beneficio de todas as persoas interesadas no procedemento, aínda que esta ampliación só producirá efectos para a presentación de solicitudes, escritos e comunicacións por medios electrónicos.

2. Para que se produza a ampliación automática do prazo, segundo o previsto neste artigo, será necesario que a incidencia teña unha duración continuada superior a 1 hora nas últimas 24 horas, ou de menos de 1 nas últimas 12 do prazo.

3. As ampliacións automáticas dos prazos serán obxecto de publicidade mediante un anuncio publicado na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra, no que se indicarán con claridade o procedemento ou procedementos afectados pola ampliación automática, así como o día hábil seguinte no que finaliza o prazo ampliado.

4. Deberá constar no expediente esta incidencia técnica, o tempo que permaneceu inactiva a Sede electrónica e, na medida do posible, as súas causas, mediante un certificado expedido polo Servizo da Deputación de Pontevedra con competencias en novas tecnoloxías.

DÉCIMO TERCEIRA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

1) Os membros dos tribunais cualificadores designaraos o deputado delegado, segundo o disposto no artigo 4, parágrafos e) e f) do Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, así como no artigo 60 do TRLEBEP, e terase en conta a paridade entre mulleres e homes.

2) O tribunal cualificador estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, sen que poida exercerse en representación nin por conta de ninguén.

3) A composición do tribunal axustarase aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, que deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o que se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para acceder ao posto convocado.

4) Non poderán formar parte do tribunal as persoas de elección ou designación política, o persoal funcionario interino nin o eventual.

5) O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesoras e asesores especialistas, con voz e sen voto, cando a natureza ou as circunstancias dalgunha das probas así o aconsellen; as mencionadas asesoras e asesores limitaranse a prestaren colaboración nas súas especialidades técnicas.

6) Antes de que teña lugar cada unha das probas, e xuntamente coa lista definitiva das persoas admitidas, publicarase no BOPPO, na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Deputación a resolución pola que se nomean os membros titulares e suplentes do tribunal cualificador.



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

7) Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, e comunicaranllo ao deputado delegado cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP), ou cando realizen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorra neles algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da LRXSP.

8) O tribunal cualificador deberá constituírse na data que designe o deputado delegado; entenderase validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes. Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento das probas selectivas.

9) A partir da sesión de constitución o tribunal, para actuar validamente, requirirá a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, e axustará as súas actuacións en todo momento ao disposto na LRXSP e ás bases xerais e específicas reguladoras desta convocatoria.

10) O tribunal cualificador adoptará as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que as persoas con discapacidade gocen de similares condicións para realizaren os exercicios que as do resto de aspirantes, e disporá, no seu caso, as posibles adaptacións de tempo e de medios.

11) No caso de ausencia da presidenta ou presidente titular ou suplente, actuará no seu lugar a ou o vogal designado en primeira orde.

12) Os membros do tribunal e o persoal asesor que asistan ás sesións percibirán as axudas de custo segundo a contía legalmente establecida.

DÉCIMO CUARTA. CARACTERÍSTICAS DAS PROCESO SELECTIVO

O procedemento de selección consistirá en probas de coñecementos xerais ou específicos teóricos e prácticos, incluídas as de tipo test, de acordo coa natureza e as funcións do posto de traballo que vai desempeñar a persoa seleccionada. A fase de concurso consistirá na comprobación e na valoración dos méritos alegados conforme ao baremo descrito nas bases específicas

DÉCIMO QUINTA. COMEZO DOS EXERCICIOS

1) A data e mais a hora na que deberá constituírse o tribunal, así como o día e a hora para o comezo do primeiro exercicio das probas selectivas convocadas, serán determinados polo deputado delegado mediante unha resolución, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de persoas admitidas e a composición do tribunal, que se publicará mediante un anuncio na sede electrónica da Deputación e no taboleiro de anuncios da mesma, polo menos con 5 días naturais de antelación.



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

2) As persoas aspirantes convocaranse para cada exercicio nun único chamamento, quedarán decaídas no seu dereito as que non comparezan a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas, que resolverá o tribunal.

3) As persoas aspirantes deberán presentarse para realizaren cada exercicio provistas do DNI ou doutro documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do tribunal e tamén dos medios materiais necesarios para realizalo.

DÉCIMO SEXTA. DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS

1) En calquera momento o tribunal poderá requiririlles ás persoas opositoras que acrediten a súa identidade.

2) A orde de actuación das opositoras e dos opositores para realizar aqueles exercicios que non poidan facerse de forma simultánea determinaraa o tribunal mediante un sorteo en presenza das persoas aspirantes e inmediatamente antes de iniciarse o exercicio.

3) Na realización e corrección dos exercicios escritos garantírase o anonimato, para o cal o tribunal poderá utilizar os medios que considere oportunos.

4) Se en calquera momento do proceso selectivo chegase a coñecemento do tribunal que algunha das persoas aspirantes non posúe todos os requisitos esixidos na respectiva convocatoria, deberá propoñerlle ao deputado delegado, previa audiencia coa persoa interesada, a súa exclusión e indicar as inexactitudes ou falsidades observadas para os efectos procedentes.

5) Unha vez concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o tribunal fará pública, na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal/web/public/employment/employment-call.xhtml>), a relación de persoas aspirantes que o superasen xunto coa puntuación obtida. As persoas opositoras non incluídas na lista terán a consideración de “non aptas”.

6) A relación de persoas aprobadas en cada exercicio deberá publicarse na Sede electrónica (<https://sede.depo.gal/web/public/employment/employment-call.xhtml>) polo menos 12 horas antes da nova reunión do tribunal cando se trate do mesmo exercicio, e 24 horas antes de tratarse dun novo exercicio.

7) Os exercicios terán lugar a porta pechada sen outra asistencia que a dos membros do tribunal, as persoas designadas por este como colaboradoras e as persoas opositoras, excepto na lectura por parte destas dos exercicios escritos, que será pública.

8) Desde o momento en que remate un exercicio ou proba e ata que empece o seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de corenta (40) días hábiles.

9) As puntuacións obtidas no exercicio tipo test publicaranse na Sede electrónica da Deputación. As persoas aspirantes terán un prazo de dous (2) días hábiles, contados a partir



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

do día seguinte ao da publicación das respostas correctas, para presentar as reclamacións que consideren oportunas a través do formulario “Alegacións” dispoñible no seguinte enlace:

<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>.

Unha vez resoltas, no seu caso, as alegacións presentadas, ou transcorrido o citado prazo, convocaranse as e os aspirantes que o superaron para realizar o segundo exercicio.

10) Contra os acordos do tribunal poderá interpoñerse un recurso administrativo de alzada ante o deputado delegado que o nomeou, segundo o previsto no artigo 121 da LPACAP, e a través do formulario “Recurso de alzada”, dispoñible no seguinte enlace:

<https://sede.depo.gal/web/public/catalog-detail/tramites-administrativos-genericos>

DÉCIMO SÉTIMA. CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

1) Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios da oposición cualificarase entre 0 e 10 puntos; para aprobar cada un deles deberase obter unha puntuación mínima de 5 puntos.

No exercicio tipo test penalizaranse as preguntas mal contestadas, de forma que por cada tres preguntas incorrectas se descontará unha correcta ou a súa parte proporcional.

Ademais, neste exercicio o tribunal marcará a puntuación esixida (nota de corte) para superar a proba en función da súa complexidade técnica e das peculiaridades propias do posto convocado, que se corresponderá cun número determinado de respostas acertadas unha vez descontada a penalización polas respostas incorrectas. Esta nota de corte pode ser inferior, igual ou superior ao 50 % do número de preguntas que compoñen o exercicio.

Neste tipo de exercicios anularanse automaticamente os exames que conteñan datos que identifiquen a persoa asinante, que teñan marcas que puidesen romper o anonimato ou os que resulten ilexibles.

2) Na avaliación do exercicio correspondente ao suposto práctico teranse en conta, con carácter xeral, o rigor e nivel de coñecementos, a estrutura expositiva, en particular a claridade, coherencia, sistematización, fluidez e precisión da terminoloxía empregada, a capacidade de raciocinio e demais criterios que o tribunal cualificador estime oportuno considerar, ademais, do razoamento analítico e sintético da cuestión ou cuestións formuladas.

3) O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos. Quedan exentas desta proba as persoas aspirantes que acrediten o Celga 4, outorgándoseles a cualificación máxima (2 puntos).

No caso de non ter achegado o documento que acredite o coñecemento da lingua galega no nivel esixido coa solicitude de participación, os aspirantes serán requiridos para que procedan a súa presentación antes da realización da proba de tradución, a través do rexistro electrónico ou presencial.



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

4) A cualificación de cada persoa aspirante nos diferentes exercicios do proceso de selección será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do tribunal.

5) Cando entre dúas puntuacións outorgadas por parte dos membros do tribunal exista unha diferenza de tres ou máis enteiros excluíranse automaticamente ambas as dúas, a maior e a menor, e a media aritmética calcularase coas puntuacións concedidas polos demais membros do tribunal.

DÉCIMO OITAVA. EMBARAZO DE RISCO OU PARTO

Se algunha das aspirantes non puidese completar o proceso selectivo a causa dun embarazo de risco ou parto, ambos os casos debidamente acreditados, a súa situación quedará condicionada á finalización do proceso e á superación das fases que quedasen aprazadas, que non se poderán demorar tanto que se menoscabe o dereito do resto das e dos aspirantes a unha resolución do proceso axustada a tempos razoables, o que deberá ser valorado polo tribunal. En calquera caso, as probas realizaranse antes de publicarse a lista de aspirantes que superasen o proceso selectivo.

DÉCIMO NOVENA. DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DOS MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO

1) Unha vez recibidas as solicitudes, enviaráselles ás persoas admitidas que reúnan os requisitos da convocatoria un código de inscrición, a través dunha mensaxe SMS, que permitirá presentar a documentación relativa á fase de méritos.

2) A presentación da documentación acreditativa dos méritos realízase por medios electrónicos a través do formulario normalizado “217424/1 Solicitud de admisión a procesos selectivos – Anexo I méritos na fase do concurso”, dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

3) O prazo para presentar as solicitudes será de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará no BOPPO, na Sede electrónica e no taboleiro de anuncios da Deputación, de conformidade co establecido no artigo 45 da LPACAP.

4) Cada mérito alegado deberá ter incorporado o seu documento acreditativo e dixitalizado. Os documentos achegados deberán ter o formato PDF e o tamaño máximo permitido por ficheiro será de 3 MB.

5) Unha vez subida toda a documentación, o sistema xerará unha instancia na que se incluírán a enumeración e a denominación dos documentos adxuntos ao formulario de presentación, seguido da pegada dixital (hash) de cada un deles.

Para a presentación das solicitudes a través do rexistro electrónico, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e os certificados electrónicos (incluído o DNIe).

VIXÉSIMA. CUALIFICACIÓN DOS MÉRITOS NA FASE DE CONCURSO

1) Nesta fase do procedemento comprobaranse e cualifícanse os méritos alegados e xustificadas documentalmente polas persoas aspirantes con referencia á data de finalización do prazo de presentación dos méritos.

2) A presentación dos méritos realizarase a través do seu modelo normalizado.

3) O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, así como cantas precisións estimen oportunas.

4) O Servizo de Recursos Humanos e Formación entregalle a documentación achegada polas persoas aspirantes ao tribunal cualificador para a súa valoración conforme o baremo recollido nestas bases.

5) A cualificación dos méritos publicarase na Sede electrónica da Deputación Provincial.

6) As persoas interesadas poderán formular alegacións ante o tribunal seleccionador no prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións outorgadas na Sede electrónica da Deputación.

VIXÉSIMO PRIMEIRA. CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DAS PERSOAS APROBADAS

1) Logo de sumadas as puntuacións totais da fase de concurso e oposición o tribunal fará pública a proposta de contratación a favor das persoas candidatas que obteñan a maior puntuación total final, que se publicará no taboleiro de anuncios e na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

2) O tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superou este proceso selectivo un número de aspirantes superior ao de postos convocados. Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito. Este acordo publicarase no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Deputación e serviralles de notificación ás persoas interesadas para todos os efectos.

3) O tribunal terá en conta a limitación anterior ao formularlle ao deputado delegado a proposta coa relación de persoas aprobadas, na que só se incluírán aquelas persoas aspirantes que obtivesen a maior puntuación total final, que nunca poderán superar o número de postos convocados en cada proceso selectivo.

4) No suposto de empate nas puntuacións totais finais entre dous ou máis aspirantes este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e, se isto non fose suficiente, a puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir, resolverase tendo en conta a maior puntuación no primeiro apartado do concurso de



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

méritos, experiencia profesional na escola de enfermería de Pontevedra, e así sucesivamente polos seguintes apartados e subapartados do baremo. En último lugar por sorteo.

5) Todo isto sen prexuízo do disposto no Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

VIXÉSIMO SEGUNDA. ACHEGA DE DOCUMENTOS POR PARTE DAS PERSOAS APROBADAS

1) A relación de persoas aprobadas, publicada na Sede electrónica da institución provincial, conterá unha advertencia na que se lles recordará a estas que deberán presentar a documentación sinalada nas bases para xustificar que cumpren os requisitos esixidos para ingresaren na función pública local e accederen ao posto convocado.

2) As persoas aspirantes propostas achegarán, dentro do prazo de vinte (20) días naturais, contados desde a publicación da relación de persoas aprobadas, no Servizo de Recursos Humanos e Formación da Deputación Provincial, os documentos acreditativos de capacidade e mais os requisitos esixidos na convocatoria:

- a) Certificación de nacemento expedida no Rexistro Civil correspondente
- b) Fotocopia debidamente compulsada do título académico esixido para o ingreso
- c) Certificado médico, sen prexuízo dun posterior recoñecemento
- d) Declaración xurada de non estaren separadas do servizo das administracións públicas nin incorreren nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente
- e) Número da Seguridade Social
- f) Certificado do número de conta bancaria
- g) Documentación xustificativa daqueles outros requisitos esixidos para o ingreso nas bases específicas de cada proceso selectivo
- h) Acreditación da venia docendi

3) Ante a imposibilidade, debidamente xustificada, de presentar os documentos sinalados, as persoas aspirantes poderán acreditar que reúnen as condicións esixidas mediante calquera outro medio de proba admitido en dereito.

4) Quen non presentase a documentación sinalada anteriormente dentro do prazo fixado, salvo causa de forza maior, non poderá ser nomeada persoal laboral fixo, nin tampouco se do exame da documentación se deducise que carece dalgún requisito.



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

VIXÉSIMO TERCEIRA. CONTRATACIÓN LABORAL FIXA

1) Logo de concluído o proceso selectivo, as persoas aprobadas, cun número que non poderá exceder en ningún caso ó de postos convocados, serán contratados como persoal laboral fixo polo deputado delegado, unha vez que xustifiquen documentalmente o cumprimento dos requisitos previstos nestas bases para o ingreso.

2) A proposta do tribunal cualificador terá carácter vinculante para a Presidencia, que ordenará a publicación dos nomeamentos no BOPPO, sen prexuízo da formalización do preceptivo contrato laboral fixo, unha vez practicada a notificación persoal de nomeamento.

3) A contratación efectuarase dentro do prazo máximo dun (1) mes a partir da publicación do nomeamento; de non facer nin existir causa xustificada, que deberá ser alegada e aceptada, as persoas nomeadas quedarán na situación de cesantes.

4) Os postos de traballo vacantes que se van cubrir como consecuencia destes procesos selectivos adxudicaranse de acordo coas peticións das persoas interesadas segundo a orde de puntuación obtida no proceso selectivo.

VIXÉSIMO CUARTA. CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES

As Bases desta convocatoria vinculan a Escola Universitaria de Enfermería, o tribunal cualificador e as persoas aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

A contravención dalgunha das súas normas determinará a exclusión das persoas aspirantes.

VIXÉSIMO QUINTA. INCIDENCIAS

Os tribunais de cada proceso selectivo quedan facultados para interpretar as bases da convocatoria e para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación. Ademais, poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e o bo desenvolvemento do proceso selectivo.

VIXÉSIMO SEXTA. RÉXIME XURÍDICO

Este proceso selectivo regúlase polo disposto nas bases xerais e específicas da convocatoria e, no que non estea previsto nelas polo Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro, que aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixente en materia de réxime local (artigos do 134 ao 137); Real decreto 896/1991, de 7 de xuño, sobre o procedemento de selección na Administración local; Decreto 95/1991, de 20 de marzo, que aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; e Real decreto 364/95, que aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

VIXÉSIMO SÉTIMA. DISPOSICIÓN FINAL

As bases xerais e específicas da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións dos tribunais poderán impugnarse nos casos e na forma establecidos pola LPACAP e a Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A Administración provincial tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na LPACAP.

*II) BASES ESPECÍFICAS DO PROCESO SELECTIVO***I. Catro postos de profesor/a de enfermería***PRIMEIRA. NÚMERO DE POSTOS E CARACTERÍSTICAS*

Convócanse catro postos de profesora ou profesor de enfermería, encadrados no grupo 2 e dotados coas retribucións asignadas a este posto na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo da Escola Universitaria de Enfermería.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese o sistema de concurso-oposición por quenda de libre. Na fase de concurso valoraranse os méritos específicos adecuados ás características do posto

TERCEIRA. CONDICIÓNS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Ademais das condicións sinaladas na base cuarta das xerais, as persoas aspirantes deberán posuír un título de grao ou diplomatura en enfermería ou estar en condicións de obtelo o día en que remate o prazo de presentación de instancias.

No caso de titulacións equivalentes deberá xustificarse co certificado expedido polo organismo competente para establecelas ou a lexislación que recolla de forma expresa esa equivalencia.

CUARTA. EXERCICIOS DA OPOSICIÓN.

PRIMEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá en contestar por escrito un test de 60 preguntas con catro respostas alternativas propostas polo tribunal e correspondentes ao contido do programa. O tempo para a realización deste exercicio será de 60 minutos.

SEGUNDO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na resolución do suposto práctico que determine o tribunal, relacionado cos contidos da parte específica do programa (aspectos normativos e académicos relacionados co nivel de grao en xeral, co nivel de grao en enfermería e tamén coa elaboración de guías docentes do grao en enfermaría en xeral e baixo a normativa propia da Universidade de Vigo). O tempo para a realización deste



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

exercicio será de dúas horas. Neste exercicio valoraranse a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos presentados. No caso de que proceda, as persoas aspirantes serán convocadas polo tribunal para a lectura pública, que levará a cabo a súa autora ou autor ou, se non fose posible, a persoa que designe ou un membro do tribunal.

TERCEIRO EXERCICIO, de carácter obrigatorio e non eliminatorio. Consistirá na tradución directa ao idioma galego, sen axuda do dicionario, dun texto en castelán elixido polo tribunal. Este exercicio cualificarase de cero a dous puntos. Quedan exentos desta proba as persoas que acrediten posuír o Celga 4 aos que se lles outorgará a cualificación máxima (2 puntos).

No caso de non ter achegada a acreditación de coñecemento da lingua galega coa solicitude de participación no proceso selectivo, poderá presentalo ata a data que determine o tribunal no anuncio do exercicio inmediatamente anterior.

QUINTA. PROGRAMA DA CONVOCATORIA

Parte xeral: (12 temas)

1. A Constitución española de 1978. Principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois
2. Organización territorial do Estado: fundamento constitucional e estrutura xeral das Comunidades Autónomas
3. Os estatutos de autonomía e a organización básica das comunidades autónomas: significado, estrutura e competencias.
4. A Administración pública no ordenamento xurídico español: concepto, acepcións, elementos e tratamento constitucional.
5. A personalidade xurídica da Administración pública: clases de administracións públicas e principios de actuación.
6. O sometemento da Administración pública á lei e ao dereito. As fontes do dereito público
7. O regulamento administrativo: concepto, fundamento e clases de regulamento.
8. Outras fontes do dereito administrativo: o hábito, a práctica administrativa, os principios xerais do dereito, tratados internacionais e xurisprudencia.
9. A provincia como entidade local. Definición, organización e competencias.
10. Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais. Capítulo I. Obxecto e definicións. Dereitos e obrigas
11. Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a Igualdade efectiva de mulleres e homes: Obxecto e ámbito da Lei. O principio de igualdade e a tutela contra a discriminación.
12. Políticas públicas para a igualdade: principios xerais e instrumentos de aplicación.



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

Parte específica: (48 temas)

13. Proceso de Bolonia: Declaración de Bolonia de 1999.
14. Espazo Europeo de Educación Superior: metas e gobernanza.
15. Estrutura en tres ciclos (Grao-Máster-Doutoramento).
16. Sistema europeo de créditos ECTS: carga de traballo e resultados de aprendizaxe.
17. Suplemento Europeo ao Título: finalidade, estrutura e recoñecemento internacional.
18. Marco Europeo de Cualificacións (MEC): niveis e correspondencias.
19. Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior (MECES): niveis e obxectivos.
20. A Correspondencia entre o MECES e o Marco Europeo de Cualificacións (EQF).
21. Resultados de aprendizaxe no deseño dos títulos universitarios.
22. O sistema de cualificacións oficiais en España.
23. Deseño de títulos universitarios en España. Marco vigente.
24. A organización das ensinanzas universitarias en España.
25. Estrutura e organización dos títulos universitarios en Galicia: normativa autonómica.
26. O Grao universitario baixo a normativa autonómica galega e a propia da Universidade de Vigo: normativa específica.
27. Normativa de permanencia da Universidade de Vigo: matrícula mínima e máxima, convocatorias dispoñibles, créditos mínimos e límite de permanencia.
28. Dedicación do alumnado: tipos de dedicación e implicacións académicas.
29. Procedemento e requisitos da avaliación por compensación na Universidade de Vigo.
30. Dereitos e deberes do estudantado universitario en Galicia.
31. A planificación docente centrada no estudantado e na aprendizaxe autónoma.
32. O papel do profesorado na planificación académica: funcións básicas e coordinación.
33. A avaliación da docencia universitaria.
34. O Grao en Enfermaría como profesión regulada en España.
35. Grao universitario. Guías docentes I: elementos e normativa da Universidade de Vigo.
36. Grao universitario. Guías docentes II: metodoloxías docentes e avaliación.
37. Avaliación continua e avaliación final: principios, estratexias e normativa da UVigo.
38. O Campus Virtual da Universidade de Vigo como ferramenta para a docencia e a avaliación.



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

39. Estrutura e desenvolvemento das prácticas curriculares no Grao en Enfermaría (UVigo).
40. As prácticas curriculares no Grao en Enfermaría (UVigo): titorización.
41. As prácticas curriculares no Grao en Enfermaría (UVigo): estruturación e organización.
42. Avaliación dos resultados de aprendizaxe nas prácticas clínicas do Grao en Enfermaría
43. Planificación da carga de prácticas clínicas e das rotacións nos centros sanitarios.
44. O Traballo Fin de Grao (TFG) en Enfermaría na Universidade de Vigo: normativa.
45. Avaliación do Traballo Fin de Grao en Enfermaría.
46. O Plan de Acción Titorial (PAT) nos graos da Universidade de Vigo: obxectivos e accións.
47. Mobilidade internacional: programas de intercambio na Universidade de Vigo.
48. Recoñecemento académico na mobilidade internacional: principios e prácticas.
49. Garantía de calidade: o papel da ANECA (Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad).
50. Indicadores de resultados dos títulos de grao na UVigo: definicións e aplicación práctica.
51. Indicadores de seguimento dos títulos: taxas de graduación, abandono e rendemento.
52. Indicadores de seguimento dos títulos: taxas de éxito e eficiencia.
53. Transparencia universitaria: publicación de guías docentes e resultados.
54. Coordinación entre a ANECA e as axencias autonómicas de calidade.
55. ANECA e ACSUG: funcións e procedementos
56. Programa DOCENTIA-ANECA: obxectivos e procedementos
57. A acreditación do profesorado e as figuras contractuais na actualidade.
58. Fomento da cultura e do deporte na Universidade de Vigo.
59. O Claustro Universitario.
60. A Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS): o compromiso das universidades españolas.

SEXTA. VALORACIÓN DA FASE DE CONCURSO

Os méritos presentados polas persoas aspirantes admitidas valoraranse conforme ao seguinte BAREMO:

- A) EXPERIENCIA PROFESIONAL DOCENTE UNIVERSITARIA : Máximo de 4 puntos
 - a) Por servizos prestados en Escolas Universitarias de Enfermería dependentes de Deputacións Provinciais, como profesor/a de enfermería, no mesmo grupo de



Venres, 12 de decembro de 2025

Núm. 238

clasificación e contido profesional que o convocado, como persoal contratado laboral temporal: 0,10 puntos por mes completo de traballo.

- b) Por servizos prestados en calquera outra Escola de Enfermería dependente da Universidade Pública como profesor/a de enfermería, no mesmo grupo de clasificación e contido profesional que o convocado, con relación laboral: 0,05 puntos por mes completo de traballo.

A experiencia profesional na Administración pública deberá acreditarse mediante unha certificación, expedida pola Administración pública na que prestou servizos, na que se fagan constar a praza ou o posto de traballo que desempeñou, as tarefas realizadas e o cómputo total de días, meses ou anos traballados, acompañadas da vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Enténdense por servizos prestados na Administración pública os que derivan dunha contratación laboral ou da condición de persoal funcionario interino en calquera das súas modalidades.

Os servizos prestados a tempo parcial valoraranse proporcionalmente.

En calquera caso, só se terá en conta a experiencia directamente relacionada co posto convocado de profesor/a de enfermería.

B) MÉRITOS ACADÉMICOS. Máximo de 4 puntos

- a) Título de doutor/a directamente relacionado co posto convocado: 2 puntos.
b) Título de máster universitario oficial directamente relacionado co posto convocado: 0.50 puntos/máster
c) Investigación: Por publicacións en revistas indexadas sobre materias relacionadas co posto convocado 0.1 por publicación ata máximo de 1 punto.

C) OUTROS MÉRITOS: Máximo 2 puntos

- a) Acreditacións da venia docendi, 0,60 puntos por acreditación
b) Pola coordinación de materias, curso ou programa: 0,1 puntos por curso académico ata un máximo de 0,60 puntos
c) Participación como ponente, dirección de traballos fin de grao de máster, ou tese: 0,1 puntos por cada unha ata máximo de 0.80 puntos

En Pontevedra, na data da sinatura electrónica.

